

Inauguración do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro



O vindeiro día 6 de xullo de 2011 ás 12 horas, terán lugar os actos de inauguración do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro, presididos polo **Presidente da Xunta de Galicia D. Alberto Núñez Feijoo**.

Este é un **proxecto** que se desenvolve ó amparo **do programa da Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico**. Será o **primeiro** dos catro **Parques Arqueolóxicos** en abrir as súas portas.

A execución do Centro de Interpretación e Documentación e o acondicionamento da Área Arqueolóxica anexa foi financiada pola Consellería de Cultura e Turismo e polo Ministerio de Fomento con cargo ao 1 por cento cultural. A montaxe expositiva e os restantes investimentos foron realizados integramente pola Consellería de Cultura.

A proposta arquitectónica para o Centro de Interpretación concibe un edificio compacto e pétreo, configurado a partir dun volume principal alongado que voa sobre o camiño de acceso ao parque arqueolóxico.

Construído en dous pisos e cunha superficie de 3.500 metros cadrados, dedica o primeiro piso a espazo expositivo, mentres que o segundo albergará

dependencias vinculadas á administración, espazos para a investigación e talleres para o desenvolvemento de diferentes actividades.

Pola súa banda, o parque arqueolóxico conta con **21,8 hectáreas de terreos** de titularidade pública da Xunta, anexos ó **centro de interpretación**, que permiten disfrutar dunha **magnífica paisaxe cultural no que se localizan máis de oitenta paneis con gravados rupestres**.

¿Cándo se pode visitar?

Horarios: Durante a tempada de verán o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre abrirá as súas portas de 10 a 20 horas.

Dentro das diversas actividades plantexadas no Parque está prevista a realización de visitas nocturnas os venres e sábados de 20 a 24 horas (Mínimo 15 persoas). Tamén é posible realizalas fora deste horario para grupos, previa petición.

Os días de peche serán os luns.